

## LIMIAR

O libro que tes nas mans, lectora/lector, é o froito dun labor investigador que se iniciou na década de 1980 e que aínda continúa, materializado en diferentes publicacións ao longo dos anos. Nas primeiras achegas centreime nas mulleres vinculadas ao mundo das letras e da educación –eixos do meu labor docente e investigador– nun período cronolóxico que abrangueu, fundamentalmente, o século XIX e comezos do XX, mais non ía máis alá do ano 1936. Foi no *Diccionario de mulleres galegas* (2007) onde abandonei a delimitación temática e cronolóxica para me concentrar nun traballo máis ambicioso, con intención globalizadora, que recollese as contribucións das galegas en diferentes ámbitos de ocupación nun período moito máis alongado no tempo: desde as orixes a 1975. O feito de pór como límite o ano 1975 ten a súa explicación. Esta data foi un punto de partida para a historia das mulleres: a morte de Franco, a proclamación do Ano Internacional das Mulleres, o Decenio de Nacións Unidas para as Mulleres (1976-1985), a emerxencia do movemento feminista, o contexto de reformas que supuxo a transición política á democracia, marcaron un fito. A partir desas datas, as cuestións relacionadas coa situación e dereitos das mulleres comezaron a revisarse, rexistráronse algúns avances e houbo un aumento moi significativo da participación feminina en diferentes ámbitos.

En *Elas* sigo o mesmo criterio porque ir máis alá do 1975, alén de precisar un traballo en equipo, excedería os límites marcados para este libro. *Elas* non é unha historia das mulleres. En Galicia contamos con historiadoras que deixaron constancia nas súas publicacións do devir feminino desde a antigüidade até os tempos modernos. Dos seus traballos, debidamente citados, son debedora. Tampouco non é un diccionario de mulleres, aínda que parte do material que reunín na publicación de 2007 e noutras –se se me permite a autocita– está aquí presente, corrixido e aumentado considerabelmente.

*Elas* é unha compilación de biografías seleccionadas *ad hoc*, entre as moitas que hai nesta altura, que permite ter unha visión do papel determinante que tiveron na sociedade do seu tempo as mulleres galegas, as de ascendencia galega (das comunidades de alén mar) e, inclusive, algunhas non nadas en Galicia mais con proxección na nosa terra porque nela desenvolveron as súas actividades. O límite cronolóxico, 1975, é a razón que explica a ausencia

doutras galegas ben coñecidas no panorama actual e desde hai anos, porque as súas accións en diferentes ámbitos salientaron sobre todo a partir desa data, aínda que a tivesen iniciado con anterioridade. Iso explica, tamén, a presenza de galegas máis novas –nadas na década de 1940–, cuxa carreira profesional, determinada pola idade, salientou durante o franquismo, por exemplo as deportistas.

Como toda selección é subxectiva, acudo a un refrán popular, que modifíco, para indicar sinxelamente que “si son todas as que están e non están todas as que son”. Desde a audaciosa viaxeira Exeria, que no século IV peregrinou a Terra Santa e relatou a viaxe en *Itinerarium*, até a derradeira entrada dunha oleira de Gundivós que morreu en 1968, Lola de Penelas, hai un longo percorrido protagonizado por mulleres de diferentes estratos sociais, que realizaron un importante labor no desenvolvemento social e económico, científico e político; mulleres que ocuparon cargos, exerceron grande número de oficios, rexentaron industrias, cultivaron as artes –pintura, escultura, debuxo, música, cinema, teatro–, dedicáronse á escrita e á investigación, á ciencia; involucráronse en actividades político-sindicaís, salientaron no deporte... Actividades que a historia, escrita por homes, invisibilizou. En moitos casos foron pioneiras.

Para a elaboración de *Elas* partín dun corpus de fontes primarias constituído por dicionarios, enciclopedias, historias temáticas, historias locais, repertorios bibliográficos, monografías, libros de memorias... A todas estas fontes hai que engadir a información procedente de xornais e revistas –vehículo principal da expresión a partir do derradeiro terzo do século XIX, no caso das escritoras–, onde fican referencias do conxunto das súas accións e movementos. Nesta altura, a posibilidade que ofrecen as hemerotecas virtuais permite completar datos de todo tipo para mostrar un perfil biográfico máis acaído das que tiveron proxección pública. Por outra parte, as fontes orais foron de grande importancia para a elaboración de moitas das biografías que se recollen no libro, e un número considerábel de entradas obtívose por este medio. É ben sabido que a historia oral é unha técnica de investigación que permite dar resposta aos problemas derivados da ausencia de fontes escritas e, no caso das mulleres, é unha realidade constatábel. A obra está ilustrada con abundante material gráfico de modo a contribuír, aínda máis, á recuperación da imaxe descoñecida de moitas galegas. É importante pór rostro ás mulleres.

Sempre que dispuxen da información precisa, a estrutura interna das entradas biobibliográficas, organizadas por orde cronolóxica, é a seguinte: nome e apelidos; entre corchetes figuran os títulos nobiliarios, nome artístico, pseudónimos ou alcumes; veñen despois, entre parénteses, as marcas xeográficas, con indicación do lugar exacto de nacemento e morte, e as marcas cronolóxicas. Cando non foi posíbel precisar as datas en que naceron e morreron as mulleres biografadas, indícase o século en que desenvolveron a súa actividade e, para a ordenación cronolóxica, aténdese ao(s) ano(s) en que hai constancia das súas accións. A marca disciplinar que vén a continuación refírese ao campo ou campos das actividades que levaron a cabo e a ela segue, finalmente, o corpo da entrada. Para axilizar a lectura do libro, e evitar notas de rodapé, a referencia ás fontes primarias figura, con frecuencia, no corpo da entrada biobibliográfica. Noutras ocasións, alúdese á autora ou autor

de onde proceden os datos e a cita completa do libro ou artigo de referencia inclúese na bibliografía final. Se a información se localizou a través de internet, o enderezo electrónico introdúcese, así mesmo, no apéndice bibliográfico.

O libro se completa cun índice onomástico para facilitar a busca de lectoras e lectores –ou de quen se achegue a este libro circunstancialmente– que desexen facer unha consulta concreta sobre determinada(s) mullere(s). Finalmente, e para facilitar máis o seu manexo, engádese outro índice coa relación dos ámbitos de ocupación nos que sobresaíron as aquí reunidas. Cando hai mulleres que desempeñaron actividades variadas, só se inclúe no ámbito en que máis salientaron. Quen se achegue ao seu perfil biográfico poderá informarse doutros pormenores.

No capítulo de agradecementos sería inxusto non citar o nome de Xosé Luís Ces Laíño, o meu compañeiro, que me prestou unha axuda inestimábel en todo o período de preparación deste libro. O meu recoñecemento, tamén, para o editor de A Xanela, por inaugurar a súa empresa editorial con este libro, presentado nunha artística edición, feita con esmero, que as mulleres aquí reunidas, e outras moitas, merecen.

Cómpre seguir desvelando o legado histórico das galegas e rescatar a herdanza que foron quen de crear, co obxectivo de reivindicar o peso histórico que tiveron/que teñen na sociedade, cunha ollada de recoñecemento e como pago desa débeda simbólica que temos coas que nos precederon, porque como dixo Xohana Torres nun fermoso poema dedicado á súa avoa, “Sibila en Ribadavia”, co que pechou o discurso de ingreso na Academia Galega, *Eu tamén navegar* (2001): “É que nada se entenderá de todo/ se antes non regreso ao punto de partida”. Se este traballo, feito con enorme entrega e paixón, resulta de interese para lectoras e lectores, sentiríame satisfeita.

Aurora Marco  
Miñortos, outono de 2015

